

ANEXO IX

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

				EXPEDIENTE	
				CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	
TITULAR DA CONTA				DNI/NIF	
ENDEREZO					
PROVINCIA		CONCELLO		CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO					
DATOS BANCARIOS					
CÓDIGO DO BANCO		CÓDIGO DA SUCURSAL		CÓDIGO DA CONTA CORRENTE	
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)			
PROVINCIA		CONCELLO		CÓDIGO POSTAL	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

,

de

de 20

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 22 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a moratoria dos préstamos vinculados coa mellora de explotacións e incorporación das persoas novas á actividade agraria, e se convocan para o ano 2010.

O financiamento das explotacións agrarias por parte das entidades de crédito representa un dos principais mecanismos para o seu desenvolvemento e consolidación como sector estratéxico da economía galega. Na actualidade a situación de escaseza de

crédito nos mercados financeiros dificulta aos titulares de explotacións agrarias a súa viabilidade económica e competitividade.

Para paliar en parte estas dificultades preténdese establecer a posibilidade de conceder moratorias para a amortización dos préstamos concedidos ao abeiro do convenio asinado en agosto do 2007 entre a Consellería do Medio Rural con entidades financeiras, para o financiamento de investimentos relativos á mellora de explotacións e á incorporación das persoas novas á actividade agraria e que non conclúsen o seu prazo de vixencia. Neste sentido considérase oportuno

incluír una carencia especial de ata dous anos de duración para os titulares destes préstamos, coa finalidade de aliviar as dificultades de tesouraría.

A medida regulada nesta orde réxese polo réxime establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión en concorrencia non competitiva, conforme o previsto no artigo 19.2º da dita lei.

Por outra banda, estas axudas outorgáranse ao abeiro do disposto no Regulamento (CE) 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción dos produtos agrícolas, quedando condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2010 as axudas *de minimis*, en réxime de concorrencia non competitiva, establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a moratoria dos préstamos vinculados coa mellora de explotacións e a incorporación das persoas novas á actividade agraria, concedidos con base nas convocatorias correspondentes aos anos 2007, 2008 e 2009 da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios, e ao abeiro do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural con entidades financeiras.

2. Estas axudas facilitaranse aos titulares dos préstamos que acorden coas entidades financeiras unha carencia de ata dous anos de duración na amortización dos citados préstamos.

3. O custo financeiro da carencia poderá ser sufragado pola Consellería do Medio Rural nos termos previstos no citado convenio.

Artigo 2º.-*Réxime de aplicación.*

Estas axudas outorgáranse ao abeiro do disposto no Regulamento (CE) 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción dos produtos agrícolas, que quedarán condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas titulares de explotacións agrarias que subscribisen un préstamo concedido no seu día ao abeiro do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural con entidades financeiras para o financiamento de investimentos relativos ás axudas de mellora de explotacións e incorporación das persoas novas á actividade agraria, e que se encontren en período de amortización.

2. Os prestameiros que soliciten a carencia deberán ter certificada no expediente asociado ao préstamo a acreditación da execución dos investimentos e o cumprimento dos compromisos. Non obstante, no caso de non ter certificados os investimentos, estes deberán estar no prazo de execución establecido nas bases reguladoras polas que se aprobaron as axudas vinculadas a ese préstamo, e terán que ser certificados con anterioridade ao remate dese prazo de execución.

3. Os beneficiarios deberán cumprir os requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Características.*

1. Poderase establecer unha carencia especial de ata dous anos de duración que afectará o vencemento ou vencementos do principal posteriores á solicitude do prestameiro á entidade financeira. Durante ese período, o prestameiro non deberá aboar nin o principal nin os xuros correspondentes ao capital pendente de amortizar.

2. Unha vez finalizada a carencia do préstamo, retomaranse as obrigas do prestameiro nos termos establecidos nos convenios subscritos.

3. A Consellería do Medio Rural financiará os xuros que correspondan, remunerando as entidades financeiras por cada carencia concedida en función do capital pendente e do tipo de xuro establecido nos convenios.

Artigo 5º.-*Xestión das subvencións.*

1. A tramitación destas subvencións realizarase no marco dos convenios de colaboración establecidos coas entidades financeiras para o financiamento de investimentos relativos á mellora de explotacións e á incorporación das persoas novas á actividade agraria. As ditas entidades financeiras teñen a condición de entidades colaboradoras, asumindo así as obrigas que a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, lles impón.

2. A solicitude de subvención presentarase no mesmo documento en que se solicite a carencia, na entidade financeira en que se formalizou o préstamo.

3. A entidade comunicarlle á Consellería do Medio Rural a relación de solicitudes presentadas, con indicación das carencias aceptadas.

4. A presentación da solicitude de axuda ou subvención polo interesado suporá a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. De acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

6. Xunto á solicitude presentarase declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, así como tamén declaración do cumprimento dos requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. O prazo de presentación, establecido no número 3, será de dous meses a partir da entrada en vigor desta orde.

8. A Consellería do Medio Rural transferirá ás entidades financeiras os importes correspondentes ao financiamento destas axudas, no marco do establecido nos referidos convenios de colaboración.

Artigo 6º.-Resolución.

1. Unha vez comprobados os requisitos do solicitante polos servizos técnicos da Consellería do Medio Rural, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria elevará a proposta de resolución ao conselleiro, en canto que órgano encargado da resolución das axudas.

2. Na resolución de concesión de axuda farase constar a contía da axuda concedida en forma de comisión e de subvención do tipo de xuro dos préstamos e indicarse o seu carácter de *minimis*, de conformidade co Regulamento (CE) 1535/2006.

3. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

4. A resolución notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se dite.

Artigo 7º.-Notificación, silencio administrativo e recursos.

1. A resolución do conselleiro esgota a vía administrativa. O prazo máximo para notificar a resolu-

ción do procedemento será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude. Se transcorrese o citado prazo máximo sen se ditar resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súa solicitudes, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Contra a resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o conselleiro no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común.

Artigo 8º.-Publicación.

1. A resolución publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a formalización do préstamo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería do Medio Rural publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacio-

nais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Calquera modificación que supoña un cambio de obxectivos, así como de calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización da Consellería do Medio Rural, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa.

Artigo 10º.-Réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades.

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-Control.

Os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación do cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases, así como para o control financeiro realizado polas entidades competentes e, en particular, pola Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 12º.-Incompatibilidade.

As axudas financeiras previstas nesta orde serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan conceder outras administracións públicas.

Artigo 13º.-Financiamento.

As axudas financeiras reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 13.02 712B 470.0 200901223 e 201001153 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2010 por un importe de 292.193,78 euros, para o ano 2011 por un importe de 200.000 euros, e para o ano 2012 por un importe de 50.000 euros.

A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou doutras administracións, tendo en conta o disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederase á publicación unha vez esgotada a partida orzamentaria asignada.

Disposición adicional primeira.-Nos aspectos non regulados nesta orde, observárase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional segunda.-Modificacións dos convenios para a instrumentación dos préstamos para a mellora de explotacións e incorporación das persoas novas á actividade agraria.

A Consellería do Medio Rural realizará, co acordo das entidades financeiras, as modificacións nos convenios vixentes para a instrumentación dos préstamos para a mellora de explotacións e incorporación das persoas novas á actividade agraria que sexan necesarias, no marco do disposto nesta orde.

Nas modificacións incluíranse, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) O mecanismo de amortización posterior á carencia.
- b) O tipo de xuro aplicable.
- c) Os procedementos de xestión destas actuacións.

Disposición derradeira primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DO MAR

Resolución do 27 de maio de 2010 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira e se establece a súa convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 240, do 11 de decembro de 2008).

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 26 da Orde do 5 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos colectivos de xestión pesqueira, e se establece a súa convocatoria, procédese á publicación das axudas concedidas ao abeiro da citada orde.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar